

Un código ético para mellorar a organización

Fernando Lezcano

Secretario confederal de Organización e Comunicación

O 4 de marzo de 2015, o Consello Confederal de CCOO, reunido en sesión extraordinaria e coa asistencia de catrocentas persoas, debateu e aprobou, practicamente por unanimidade, un documento de especial transcendencia para mellorar a transparencia e o control da actuación do sindicato: o chamado código ético.

O documento titúlase *Medidas para reforzar as mellores prácticas de goberno e control de CCOO*, e o seu obxectivo é claro: «somos o sindicato maioritario, o mellor sindicato. Agora temos que ser a mellor organización». Con estas palabras resumiu o secretario confederal de CCOO, Ignacio Fernández Toxo, o debate que se desenvolveu ao longo da mañá do 4 de marzo, e que concluíu coa votación xa coñecida de 142 votos a favor, 0 en contra e 5 abstencións.^(*)

O documento contén medidas de aplicación inmediata e outras que afectan a normas estatutarias e básicas da acción sindical que deberán ser definitivamente aprobadas no próximo congreso confederal. Porén, nada será escusa para abordar decontado os cambios que avancen en cinco grandes eixes de actuación:

- Garantir a renovación dos órganos de dirección.
- Garantir a transparencia das nosas actuacións.
- Garantir unha adecuada actividade institucional.
- Dispor dun sistema homologable de retribucións e compensación de gastos no marco da actividade sindical.

■ Reforzar o control da nosa actuación e do bo goberno do sindicato.

Xunto a estas pautas de intervención do sindicato que desenvolve o documento, decidimos crear a figura do/da defensor/a da afiliación, para canalizar as queixas das persoas afiliadas ao sindicato e atopar solucións ás súas demandas.

Trátase de non defraudar as demandas crecentes dunha cidadanía cada vez máis consciente dos seus dereitos e menos tolerante cos casos de corrupción. A aparición en CCOO dalgunhas prácticas excepcionais, non acordadas coas nosas normas e principios, animáronnos a responder clara e rapidamente cando estas prácticas se constataron e a promover cambios no noso funcionamento interno (con medidas estruturais orientadas a favorecer un maior control da nosa actividade).

Por iso quixemos sintetizar nos cinco eixes citados as nosas propostas. *Garantir a renovación dos órganos de dirección*, e estender a limitación de mandatos (que agora se aplica aos secretarios e secretarías xerais) a todos os membros das comisións executivas da Confederación e estruturas federais e territoriais; *garantir a transparencia das nosas actuacións*, facendo efectiva a presentación dunha declaración de renda e bens ao comezo do mandato das persoas elixidas para formar parte dos órganos de



Na fotografía superior, votación do código ético no Consello Confederal; sobre estas liñas, intervención de Ignacio Fernández Toxo

dirección de cada organización confederada e a propia confederación, ademais de dar publicidade ás contas e datos económicos máis relevante; *garantir unha adecuada actividade institucional*, reforzando as obrigas de información e rendición de contas dos representantes institucionais; *garantir unha adecuada política de retribucións e compensación de gastos no marco da actividade sindical*, co obxecto de definir un sistema común de aplicación ao conxunto da confederación; e *reforzar o control da nosa actuación e o correcto goberno dos recursos* creando, por exemplo, a figura do/da defensor/a da afiliación, dependente da Comisión Executiva Confederal,

para facilitar a mellor atención ás persoas afiliadas ao sindicato que expresen críticas ou queixas sobre a nosa actividade.

En definitiva, como lembrou o propio Toxo na súa intervención de clausura do Consello Confederal, «cómpre aplicar ben a solidariedade interna e os recursos para dignificar e unificar a actividade sindical. O sindicalismo é unha actividade para mirar a xente á cara, para visitar as empresas e falar cos traballadores e traballadoras, porque, se non, perdémolos».

(*) Aínda que participaron catrocentas persoas no debate, representando a todas as organizacións de CCOO, só votaron as/os membros do Consello Confederal. O documento está dispoñible en www.ccoo.es.